

MULLERES EN GALICIA

CIFRAS QUE IMPORTAN

#1# FENDA RETRIBUTIVA

En 2022, o salario medio anual das mulleres en Galicia foi 21.912,75€ e o dos homes de 26.626,89€. A **fenda retributiva** é do **17,70 %**.




Datos Fenda Retributiva 2022 en % (Fonte: INE)

En 2013, a fenda retributiva era do 23,37%. Na última década, a fenda en Galicia **reduciuse un 24,25 %**.

Das 17 Comunidades Autónomas, Galicia ocupa a **novena posición** en canto a fenda retributiva.

POR QUE EXISTE A FENDA RETRIBUTIVA?


SEGREGACIÓN OCUPACIONAL



O 67 % da poboación asalariada de sectores con baixa remuneración son mulleres.


* Sectores: educación, servizos sociais e actividades sanitarias.

INTERRUPCIÓN DAS CARREIRAS PROFESIONAIS




No 2023 en Galicia o 87 % das excedencias por coidado de familiares solicitadas foron de mulleres.

XORNADA PARCIAL



O 76% dos contratos de xornada parcial en Galicia son de mulleres.

DESEQUILIBRIO EN POSTOS DE RESPONSABILIDADE



Só un 36% dos postos de dirección e xerencia das empresas galegas están ocupados por mulleres.

ADEMAIS...

A fenda retributiva é un **fenómeno que sucede en todas as partes do mundo**. Está presente en todos os países e todas as economías.



A diferenza salarial entre mulleres e homes pode incrementarse cando **concorren simultaneamente outras circunstancias** como a idade, a raza ou a discapacidade.

A fenda retributiva **agudízase cando se analizan as pensións**. No ano 2023 en Galicia este indicador alcanzou un valor do **24,08 %**.



QUE ESTAMOS A FACER DENDE A XUNTA DE GALICIA?

- Axudas para a **redución da xornada laboral** dirixidas a todo tipo de unidades familiares, como as monoparentais, as monomarentais, as integradas por persoas do mesmo sexo e para os homes nos casos de familias de distinto sexo.
- Axudas económicas ás familias para a conciliación en situacións puntuais e periodos de vacacións escolares a través do **Bono Concilia Familia**.
- **Axudas á conciliación** dirixidas a pemes ou persoas traballadoras autónomas.

Nota técnica: os datos desta infografía están consultados en febreiro de 2025 e proceden das últimas publicacións da Enquisa de Estrutura Salarial. Ano 2022 elaborada polo Instituto Nacional de Estatística e do Estudo Salarios. O mercado de traballo en Galicia 2023 realizado polo Instituto Galego de Estatística e das estatísticas de prestacións da Seguridade Social (2023).